

**NOTA DE PRENSA 024/23
13 DE MAIO DE 2023**

**DOBLE ABANDONO PARA OS EQUIPOS BECADOS POLA FGA NO RALLYE
MARIÑA LUCENSE**

A terceira proba do Campionato Galego de Rallyes, o Mariña Lucense, non foi propicia para os dous equipos becados pola Federación Galega de Automobilismo.

Tanto Alexis Vieitez e Cristian Álvarez como Marcos Maceiras e Sergio Iglesias tiveron que abandonar a proba cando pelexaban polos postos de cabeza dentro de Gara N5 e da Top Ten B na cita lucense.

No caso de Maceiras e Iglesias, unha saída de estrada na que danaron a parte traseira do seu Nissan Micra N5 deixounos fora da competición, logo de superar un pequeno problema cunha bobina durante a xornada do venres. A parte positiva, que durante o resto da proba o equipo pontevedrés sentiuse cómodo e colleu ritmo para estar cos mellores da categoría.

Vieitez e Álvarez, pola súa banda, non tiveron a sorte da súa parte xa que víronse obrigados a retirarse da proba ao sufrir unha avería mecánica na recta final do oitavo tramo cronometrado.

Ambos equipos xa están a pensar na próxima parada do Campionato Galego de Rallyes, o Rallye de Pontevedra, que terá lugar o primeiro fin de semana de xuño.